

# Programación outubro 2011

**Iníciase o curso sobre Frei José de Vaquedano, que se estende ata o mes de novembro.**

Reúne dez conferencias e tres concertos



**Museo  
do Pobo  
Galego**



## **Frei José de Vaquedano e o seu tempo**

**(1624-1711)**

En 2011 cúmprese o terceiro centenario do falecemento dun dos grandes compositores do barroco español, Frei José de Vaquedano. Para conmemorar a efeméride, o Museo do Pobo Galego e a Universidade de Santiago propoñen un ciclo académico e musical que se inscribe nos actos de celebración do 800 aniversario da consagración da catedral de Santiago e no Ano da Música.

O Consorcio de Santiago e a Axencia Galega de Industrias culturais (AGADIC) colaboran na celebración do centenario.

Xestiónase un crédito de libre configuración pola USC.

<http://www.museodopobo.es/uploads/pdf/Cartel-Programa Vaquedano.pdf>

### **Conferencias:**

Museo do Pobo Galego, 18h00  
19 e 26 outubro  
2, 9 e 16 novembro

### **Concertos:**

Igrexa da Universidade (Igrexa da Compañía) 20h00  
28 outubro  
4 e 11 novembro

## **Xornadas técnicas do proxecto DORNA**

Os días 6, 7 e 8 de outubro celebraranse no auditorio do Museo unhas xornadas técnicas para presentar os resultados do Proxecto DORNA, Desenvolvemento Organizado e Sustentable de Recursos do Noroeste Atlántico. Os dous primeiros días as xornadas serán abertas. A primeira dedicárase á "Construción naval en madeira no Espazo Atlántico", e na segunda farase a presentación de resultados e peche do proxecto.

Formulario de inscrición: <http://www.dicoruna.es/formularios/dorna/>

Departamento de Educación e Acción cultural

## **Olladas sobre o Museo: a poesía**

Baixo este programa o Museo do Pobo Galego convida artistas de diferentes disciplinas a ollar cara ao Museo e compartiren a súa visión. Este ano, Andrea Nunes, Anxo Angueira, Sechu Sende, Silvia Penas e Xabi Xil Xardón farán das salas de exposición anacos de poesía.

Exposición

## **Desexar o mundo. Xaime Fandiño**

As fotografías e o documental de Xaime Fandiño para a Fundación Iberoamericana para el Desarrollo (FIDE) participan dunha mirada respectuosa, un discurso coherente e unha visualidade delicada. A literalidade da imaxe fotográfica é explícita e fresca, ao mesmo tempo que evita todo tipo de efectismos.



Cañahua. © Xaime Fandiño

Xaime Fandiño é licenciado en Ciencias da Información pola Universidade compostelá e máster en Fotoxornalismo pola Autónoma de Barcelona. Fotógrafo *free-lance* e documentalista, proclama que «fronte a unha concepción da imaxe que esmorece na procura da realidade, da memoria e do compromiso, neste momento histórico de saturación tecnolóxica e informativa, esta colección de fotografías (e cómpre dicir, de momentos intensamente vividos), procura combater a imaxe como ornamento e cerimonial».

6-8 outu-  
bro

21 ven-  
res  
20h00

Finaliza  
23 out.